


Actividades escénicas para escolares curso 2023/24

escolares.afundacion.org





PINGÜIN

Teatro de monicreques

Periferia Teatro

CAS | Educación Infantil (3 a 6 anos) | 55 min


2,5 € escolar

A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo

Aprender a compartir e madurar como persoas.

Premio ao mellor espectáculo no World Art Festival of Puppets de Praga no 2004 e Premio á mellor proposta dramática en La Fira de Titelles de Lleida no ano 2000. Esta obra aborda o tema da difícil situación á que se enfrenta un neno cando ten que compartir o agarimo e a atención da súa familia cun novo irmán que chega. O noso "príncipe destronado" deberá superar esta proba dándose conta de que gañou unha amizade para toda a vida.

De todas as actividades presenciais, farase unha función acompañada de linguaxe de signos na localidade de Vigo.





VAIA RITMO MÚSICA

Odaiko Percussion Group

GAL | 1º e 2º de Educación Primaria | 60 min

2,5 € escolar

A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo

Improvisación e imaxinación para espertar o enxeño con este concerto que propón Odaiko. A través do factor sorpresa, e facendo uso do humor e a interacción, preséntannos diferentes elementos de percusión que nos levarán a melodías cheas de ritmo e, polo tanto, con diversión garantida.

De todas as actividades presenciais, farase unha función acompañada de lin-guaxe de signos na localidade de Vigo.





HUGO

Teatro de actor

Náufragos Teatro

GAL | 3º e 4º de Educación Primaria | 50 min

2,5 € escolar

A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo

Empatía, diversidade, a beleza de sermos diferentes.

Gañadora do Premio María Casares ao Mellor espectáculo para o público infantil e familiar no ano 2022. Hugo conta a historia dun neno que é diferente. Gústalle moito os avións e tamén toca o piano. Laia visita a Hugo cada día. A Laia gústalle falar e gústalle as plantas. Hugo ten TEA.

Unha peza teatral que aborda o tema do trastorno do espectro autista na infancia, chea de sensibilidade e empatía, que fala da diversidade, da convivencia e da beleza de sermos diferentes.

De todas as actividades presenciais, farase unha función acompañada de linguaxe de signos na localidade de Vigo.





HELP! (TROUBLE IN THE JUNGLE)

Teatro de actor

Face2Face Company

ING | 5º e 6º de Educación Primaria | 65 min

2,5 € escolar

A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo

Coidado medioambiental. Teatro participativo en inglés.

Zaida vive na selva tropical, pero unha mañá a selva pídelles axuda. Un grupo de leñadores chegan para cortar a árbore máis alta da fraga, que ofrece alimento, refuxio e sombra a todas as persoas que a habitan. Ela soa terá que detelos coa inestimable axuda do público

Repleta de cancións, acción e gargalladas, esta comedia interactiva fará que o alumnado reflexione sobre a conservación e o coidado do medio ambiente. Unha experiencia práctica e divertida para asimilar novos coñecementos e aprender a expresarse en inglés.





I SPY

Teatro de actor

Face2Face Company

ING | 1º, 2º, 3º e 4º de ESO | 65 min

2,5 € escolar

A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo

Implicación social. Teatro participativo en inglés.

O teatro participativo será a ferramenta máis útil, práctica e divertida para aprender inglés.

James Blob, axente 003 ½, ten como misión combater a malvada Dra. Z. Nun intento por dominar o mundo, a Dra. Z conseguiu un perigoso virus co cal espera manipular e controlar os gobernos mundiais. Para detela, James necesita confiar no seu adestramento como espía, nos *gadgets* que os Servizos Secretos da súa Maxestade lle van proporcionar e, sobre todo, na valiosa axuda do público.





BELCEBÚ

Teatro de actor

Varela Producciones & Cía. de Blanca Marsillach

CAS | 1º, 2º, 3º e 4º ESO | 40 min - Encontro, 30 min

2,5 € escolar | A Coruña

Teatro educativo sobre *bullying* e ciberacoso.

Esta historia fálanos de Max, O Señor das Moscas, un acosador e Gema, o seu obxectivo, alguén que sabe que non é unha vítima, porque será capaz de sobrevivir grazas á súa forza interior, á súa coraxe e á axuda da súa familia.

ENCANTRO

Tras a obra de teatro, desenvolverase un encontro entre público e elenco, onde se presentarán unha serie de conceptos e ferramentas relacionadas coa comunicación non violenta e a xestión das emocións e os conflitos.



Belcebu



GOLFA

Teatro de actor

Primera Toma Coach – Crémilo

GAL | 3º e 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato | 70 min - Encontro, 25 min
5 € escolar | Vigo, Santiago

Obra sobre acoso virtual. Encontro cunha experta.


Unha mañá aparece fronte á porta dun instituto unha pintada que reza «GOLFA», un insulto anónimo que destapa a historia que o precede.

Amanda e Fran foron parella fai uns meses, adolescentes cuxa experiencia é a de tantos, unha relación que se viu truncada. Este feito non tería relevancia algunha se inmediatamente despois desta ruptura, Amanda non tivese sufrido un terrible acoso virtual que leva os seus pais a denunciar a posible autoría de Fran detrás deste feito.

Unha palabra pode cambiar o curso dunha historia, como nos relacionamos coa nosa contorna e esta con nós. Detrás dun insulto poden esconderse algúns dos males que nos asolan como sociedade. Unha obra feita co apoio da Fundación Sexpol, Col. Oficial Psicólogos de Madrid.

ENCUNTRO

Tras a obra de teatro, desenvolverase un encontro coa sexóloga Bárbara Penas que coordinará e dirixirá un debate sobre o tema, con público e elenco. Bárbara Penas é traballadora social e sexóloga especializada en xénero pola Fundación Sexpol. Desde 2017 acompaña centros educativos a través de sesións en sexualidade e igualdade para a transformación social.





MÚSICA A FLOR DE PEL

Música

Centros de Educación Especial | 60 min

De balde

No propio centro educativo

Desenvolvemento emocional, afectivo, sensorial e perceptivo.

Conscientes da importancia da música como canle de comunicación, e incentivo para melloras cognitivas, socio-emocionais e motrices, desde Afundación continuamos co programa presencial de acceso á música en directo, dirixido a todos os Centros de Educación Especial de Galicia. Unha actividade intensa en emocións e sentimentos que permite ao alumnado destes centros desfrutaren dunha xornada festiva, divulgativa e musical.

A música axuda nenas, nenos e mocidade con necesidades especiais a mellorar o seu desenvolvemento emocional, afectivo, sensorial e perceptivo, fomenta a súa atención, reduce a súa ansiedade e facilita o establecemento de relacións interpersoais, entre outros beneficios; ao tempo que desfrutan dunha diversión intensa e emotiva.

ESPAZOS

Esta actividade está dirixida exclusivamente aos Centros de Educación Especial de Galicia. Realizarase nos propios centros escolares de Educación Especial. En interior ou exterior, segundo as condicións meteorolóxicas o permitan.

INSCRIPCIÓN

Recibirán chamada ao centro do persoal de Afundación.





QUEDAMOS NO PALCO, QUEDAMOS COA CLÁSICA

Música

ESO, FP e Bacharelato

De balde

Vigo

Os mellores concertos de clásica para escolares.

Fóra do horario lectivo, os grandes recitais da clásica achéganse á mocidade coa Real Filharmonía de Galicia, a Orquestra Sinfónica de Galicia.

Os centros educativos de Vigo dispoñen de localidades por concerto para o alumnado, co acompañamento de docentes ou unha persoa adulta responsable do grupo. Trátase dunha iniciativa para dar a coñecer a música clásica, fomentar o amor por ela, e chegar así a un relevo xeracional.

Enviarase unha invitación a cada centro escolar para facer a solicitude.

Teatro Afundación Vigo - 20.00 h

OUTUBRO – DECEMBRO 2023

Mércores, 18 outubro R.F.G | Directora Joana Carneiro

Luns, 23 outubro AL AYRE ESPAÑOL

Xoves, 26 outubro O.S.G | Director Iván Martín

Mércores, 22 novembro R.F.G | Director Baldur Brönnimann

Xoves, 21 decembro O.S.G | Director Cristóbal Soler

XANEIRO – XUÑO 2024

Xoves, 11 xaneiro R.F.G | Director Baldur Brönnimann

Venres, 26 xaneiro R.F.G | Directora Rita Castro Blanco

Venres, 23 febreiro R.F.G | Director asociado e Judith Jáuregui, piano

Xoves, 7 marzo R.F.G. | Directora Johanna Malangré

Mércores, 17 abril R.F.G | Director Baldur Brönnimann – Wu Wei, sheng

Xoves, 23 maio R.F.G | Director asociado

Xoves, 30 maio O.S.G



CALENDARIO DE TEATRO

ACTIVIDADES PRESENCIAIS - De todas as actividades presenciais farase unha función acompañada de linguaxe de signos na localidade de Vigo.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Auditorio ABANCA

Golfa

Encontro Golfa
31 OUT 11 h

Vaia ritmo!

27 NOV 10 e 12 h

I spy

16 XAN 10 e 12 h

Help! (Trouble in the jungle)

5 FEB 10 e 12 h

Hugo

14 MAR 10 e 12 h

Pingüin

24 ABR 10 e 12 h

A CORUÑA

Auditorio Sede Afundación

Belcebú

Encontro Belcebú
7 NOV 10 e 12 h

Vaia ritmo!

28 NOV 10 e 12 h

I SPY

18 XAN 10 e 12 h

Help! (Trouble in the jungle)

7 FEB 10 e 12 h

Hugo

15 MAR 10 e 12 h

Pingüin

19 ABR 10 e 12 h

FERROL

Auditorio Sede Afundación

Vaia ritmo!

16 de NOV 10 e 12 h

I spy

12 XAN 10 e 12 h

Help! (Trouble in the jungle)

19 XAN 10 e 12 h

Hugo

8 MAR 10 e 12 h

Pingüin

25 e 26 ABR 10 e 12 h

LUGO

Auditorio Municipal Gustavo Freire

Vaia ritmo!

7 NOV 10 e 12 h

I spy

15 XAN 10 e 12 h

Help! (Trouble in the jungle)

6 FEB 10 e 12 h

Hugo

13 MAR 10 e 12 h

Pingüin

22 e 23 ABR 10 e 12 h



OURENSE

Auditorio Municipal

Vaia ritmo!

29 e 30 NOV 10 e 12 h

I spy

17 XAN 10 e 12 h

Help! (Trouble in the jungle)

1 e 2 FEB 10 e 12 h

Hugo

11 e 12 MAR 10 e 12 h

Pingüin

29 e 30 ABR 10 e 12 h

PONTEVEDRA

Auditorio Sede Afundación

Vaia ritmo!

13 a 15 NOV 10 e 12 h

I spy

11 XAN 10 e 12 h

Help! (Trouble in the jungle)

29 a 31 XAN 10 e 12 h

Hugo

4 a 6 MAR 10 e 12 h

Pingüin

15 a 18 ABR 10 e 12 h

VIGO

Auditorio Teatro Afundación

Golfa

Encontro Golfa

30 OUT 9.45 e 11.45 h

Función con linguaxe de signos 10 h

Cinema submarino

7 e 8 NOV 10 e 12 h para 5º e 6º de primaria

9 NOV 10 e 12 h para 1º e 2º ESO

Vaia ritmo!

20 a 24 de NOV 10 e 12 h

Con linguaxe de signos 22 NOV 10 h

I spy

9 e 10 XAN 10 e 12 h

Help! (Trouble in the jungle)

22 a 26 XAN 10 e 12 h

Hugo

26 FEB a 1 MAR 10 e 12 h

Con linguaxe de signos 28 FEB 10 h


Pingüin

8 a 12 ABR 10 e 12 h

Con linguaxe de signos 10 de ABR 10 h



NORMAS PARA INSCRIBIRSE

- Prazo de reservas ata o 1 de outubro 2023
- A solicitude farase a través de [Acceso centros](#) entrando co código do centro (asignado pola Xunta) e a contrasinal. 
- Unha vez dentro, ir a Artes Escénicas/Peticións
- Solicitarase praza para un máximo de 150 escolares por centro e actividade (100 para A Coruña e Ferrol por cuestións de capacidade).
- Prezo: 2,5 € escolar para todas as obras, agás Golfa que será de 5 €.
- O importe total ingresarase no número de conta ES 91 2080 5000 61 3040323643, indicando o código de ingreso, que comunicaremos previamente desde Afundación canda a asignación de actividades. O prazo límite para o pagamento pode ser ata o mesmo día da actividade.
- Desde Afundación enviarase correo-electrónico ao centro para informar da asignación de actividades.
- Así mesmo, cada centro deberá confirmar esta asignación a través da web.
- Hai guías didácticas dispoñibles para consultar e descargar na web.
- Máis información nos teléfonos 986 120 089 e 986 120 078 ou en escolares@afundacion.org

//Afundación

Obra Social ABANCA